


VISIONS SOBRE O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO NO CINEMA

Unha aproximación fílmica á discapacidade e á inclusión



SANTIAGO ∞ Auditorio Sede Afundación (Rúa do Vilar, 19)
A CORUÑA ∞ Auditorio Sede Afundación (Rúa Cantón Grande, 8)

∞ 15 a 31 de outubro de 2019 ∞


entrada libre ata completar aforo



Anxos sen paraíso

(*A child is waiting*. John Cassavetes, 1963). 102 m. VOSE

A Coruña * 15/10/2019 * 19:00
Santiago * 31/10/2019 * 19:00




O meu fermoso cerebro roto

(*My beautiful broken brain*. Sophie Robinson & Lotje Sodderland, 2014). 86 m. VOSE

Santiago * 16/10/2019 * 19:00
A Coruña * 22/10/2019 * 19:00

Jean Hansen é profesora nun colexio para nenos con necesidades especiais no que coñece a Reuben, a quen enche de atención e agarimo, o que lle crea problemas co director do centro, que considera a súa actitude contraproducente. A película foi filmada nos anos 60 en colaboración co hospital de Pomona; o seu reparto está composto por nenos e nenas con diferentes discapacidades intelectuais e problemas de saúde mental.

Reflexión autobiográfica sobre a fragilidade do cerebro e os cambios na vida despois do ictus sufrido pola produtora de 34 anos Lotje Sodderland, que comezou a gravar o proceso de recuperación co seu móbil e deseguida pediu o apoio da documentalista Sophie Robertson. Conseguiron implicar tamén a David Lynch, que apadriña un filme no que a súa poética está presente para explicar a lesión cerebral e as súas secuelas e as sensacións que provocan.



Máis alá do espello

(*Más allá del espejo*. Joaquim Jordà, 2006). 123 m. VO

Santiago * 23/10/2019 * 19:00
A Coruña * 28/10/2019 * 19:00



O mundo púxose ao revés. Historias sobre o dano cerebral adquirido

(Miguel Gallardo & FEGADACE, 2019). 1,47 m. VO

Proxeccións ao inicio de todas as sesións.

En 1997 o director Joaquim Jordà tivo un ictus que cambiou totalmente a súa vida e a súa obra deixándolle dúas secuelas: agnosia e alexia. Entrou en contacto con Esther Chumillas, con quen se de 18 anos con agnosia desde os 15 por causa dunha meningite. Con ela, e con outras persoas con dano cerebral, constrúe un relato sobre como se percibe a "realidade" e sobre os retos de afrontar unha nova vida e de sobrepoñerse fronte á adversidade.

A Federación Galega de Dano Cerebral e o ilustrador Miguel Gallardo xúntanse para elaborar unha peza audiovisual na que se poñen en relación as causas do dano cerebral adquirido coas súas consecuencias ou secuelas. O coñecemento que FEGADACE ten do dano cerebral e a experiencia en relatar a discapacidade de Miguel Gallardo conflúen para resumir o enorme xiro vital que provoca o dano cerebral e como, con apoio, é posible facer unha nova vida.

❧

VISIONS SOBRE O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO NO CINEMA

é unha aproximación fílmica ao tratamento da inclusión e da discapacidade do cine.

❧

Seis sesións, dúas cidades e tres películas nas que se aborda, desde diferentes puntos de vista, o dano cerebral adquirido.

❧

Todas as proxeccións comezan co pase dun vídeo elaborado por FEGADACE e o ilustrador Miguel Gallardo, e rematan cunha sesión de debate.

❧

Este proxecto conta co apoio da Deputación da Coruña e coa colaboración de Afundación.

❧

O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

é unha discapacidade que se produce por unha lesión no cerebro causada, case sempre, por un ictus ou por un traumatismo derivado dun accidente de coche.

❧

FEGADACE, a Federación Galega de Dano Cerebral, representa a máis de 1.700 familias agrupadas nas cinco asociacións de dano cerebral que hai en Galicia.

❧

ADACECO e Sarela son as asociacións da Coruña e de Santiago. As súas profesionais van moderar as sesións de debate e resolver calquera dúbida sobre o tratamento do dano cerebral nas tres películas.